



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ” (2019-2021)**

### *CONVOCATORIA*

#### **Bases reguladoras**

As Bases reguladoras do «Convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en paz” (2019-2021)» aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 9 de maio de 2019.

#### **Crédito orzamentario.**

Porlo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aportará a cantidade de 180.000,00€ (60.000€/ano); gasto que se financiará, no 2019, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11. As aportacións correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

#### **Obxectivo, finalidade e destinatarios.**

As bases aprobadas teñen por obxecto a regulación dos termos de concesión da subvención directa, prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Concello de Vigo a favor da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en paz”, destinada a financiar os gastos de desprazamento de nenos/as saharauís procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf.

#### **Réxime de concesión.**

Directa.

#### **Instrución e resolución: Órganos competentes.**

A Concellería de Política Social será a encargada da instrución do procedemento de concesión da subvención. A Xunta de Goberno Local acordará a aprobación.

#### **Publicidade.**

Unha vez aprobado o convenio mediante acordo da Xunta de Goberno Local, publicarase na páxina web municipal. O Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.